

OPIC

OFICINA
provincial de
INFORMACION
ao CONSUMIDOR

Se precisas máis información podes dirixirte á

Oficina Provincial de Información ao Consumidor (OPIC)

Novo Edificio da Deputación de Pontevedra
Avda. Montero Ríos, s/n, 2º andar - 36071 Pontevedra
Teléfono: 986 804100
Teléfono gratuito de atención ó cidadán: 900 231123
opconsumo@depo.es - www.depo.es

Atención ó público: luns a venres de 9:00 a 14:00 h.



ADHESIÓN Ó SISTEMA ARBITRAL: UNHA GARANTÍA DE CALIDADE



Nun sector cada vez máis competitivo como é o comercio, a mellor baza para os comerciantes é ofrecer un servizo transparente que teña tódalas garantías. Aquelas empresas e pequenos comercios que se adhiran ao Sistema Arbitral de Consumo contarán con este distintivo:



Este símbolo axudará a reforzar a confianza dos consumidores xa que garante que no caso de que haxa conflito entrará en xogo un procedemento para resolvelo áxil, eficaz e gratuíto, o que supón unha **garantía de calidade**.

Dende a Oficina Provincial de Información ao Consumidor (OPIC) traballamos para promover a resolución extraxudicial de conflitos por medio dunha solución amistosa do mesmo, ben mediando ou, de ser o caso, derivando a reclamación para que esta sexa resolta polo sistema de arbitraje.

Que é o arbitraje?

É un procedemento voluntario para o empresario e para o consumidor, gratuíto, áxil e eficaz que trata de resolver os conflitos sen ter que acudir á vía xudicial.

Tódolos conflitos que se canalicen por medio deste procedemento rematarán cun acordo entre as partes ou cun laudo que ten os mesmos efectos cunha sentenza xudicial que zanxa a disputa.

Como se adhiren os comercios e empresas ao Sistema Arbitral de Consumo?

Os comercios e empresas galegas interesadas poden facelo de diferentes xeitos:

- Mediante Oferta Pública de Sometemento ao Sistema Arbitral de Consumo dirixida ao Sr. Presidente da Xunta Arbitral de Consumo de Galicia.

Esta opción, que pode estar limitada, significa que os conflitos que se presenten ao comercio/empresa adherida poderán ser resoltos por este sistema se o consumidor así o desexa.

Os comercios/empresas contarán co logotipo de adhesión xenérica ou limitada ao sistema como símbolo de distinción dentro do mercado.

- Adhesión en casos concretos

No suposto de conflitos concretos os comercios/empresas interesadas poderán adherirse ao sistema para a resolución do caso pero non poderán utilizar o distintivo.